

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**3257** *Real decreto 188/2011, do 18 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.*

Mediante o Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo cal se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, transpúxose ao noso ordenamento interno a Directiva 2006/23/CE, do 5 de abril, relativa á licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.

En concreto, o artigo 8 da citada directiva exige que os Estados membros garantan que os controladores de tránsito aéreo poidan demostrar a súa capacidade de falar e comprender o inglés de maneira satisfactoria, creando ex novo a denominada «anotación de idioma». O nivel mínimo exigido de competencia lingüística en idioma inglés é o nivel 4 da escala de competencia lingüística que establece o anexo III da Directiva. Para demostrar este nivel de competencia lingüística en inglés, o punto 5 do artigo 8 da norma comunitaria exige que se expida un certificado tras un procedemento de avaliación obxectivo e transparente aprobado pola autoridade nacional de supervisión.

Con carácter xeral, o Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, regulou os requisitos para expedir as novas licenzas comunitarias de controlador de tránsito aéreo. Para a práctica da anotación de idioma en inglés nestas novas licenzas, o artigo 17 do real decreto exige que a avaliación sexa efectuada, dunha forma transparente e obxectiva, por unha organización debidamente autorizada pola autoridade nacional de supervisión competente para realizar a dita avaliación.

En desenvolvemento do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, foi aprobada a Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola cal se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación, para regular os requisitos que deben cumprir os centros de avaliación e os sistemas de avaliación da competencia lingüística.

En consecuencia, a partir da entrada en vigor das normas anteriormente referidas, para a obtención dunha licenza comunitaria de control de tránsito aéreo será necesario que o solicitante da dita licenza sexa avaliado do nivel de competencia lingüística en inglés a través dun centro autorizado e polos procedementos de avaliación recollidos na Orde FOM/896/2010, do 6 de abril.

Resulta necesario, no entanto, regular a práctica da anotación de idioma en inglés con respecto daqueles controladores de tránsito aéreo ao servizo de AENA que, ao momento de promulgación destas normas, xa eran titulares dunha licenza conforme o antigo Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro, sobre título profesional aeronáutico civil e licenza de controlador de tránsito aéreo.

Esta cuestión de carácter transitorio non se encontra regulada na Directiva 2006/23/CE, e correspóndelles aos Estados membros determinar, á luz dos principios xerais asentados pola norma comunitaria, os requisitos necesarios para practicar a nova anotación de idioma creada pola Directiva 2006/23/CE nas licenzas destes controladores, cuestión que é precisamente o obxecto deste real decreto.

O feito de que o artigo 19 da Directiva 2006/23/CE unicamente recolla a non aplicación do disposto no seu artigo 5.2, letras a) e b), aos controladores de tránsito aéreo titulares de licenzas expedidas polos Estados membros antes do 17 de maio de 2008, non implica que esta aborde o réxime do troco das licenzas nacionais expedidas con anterioridade á dita data, nin as pautas que debe seguir a autoridade nacional de supervisión para recoñecer a formación adquirida e acreditada con anterioridade á dita data, a de entrada en vigor da directiva. Por outra parte, o réxime de troco de licenzas recollido na disposición transitoria primeira do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, limítase a abordar a

validación das habilitacións e anotacións en vigor, sen referencia ningunha ao requisito de competencia lingüística.

No entanto, os titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo obtida de conformidade co Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro, sobre o título profesional aeronáutico civil e licenza de controlador de tránsito aéreo, debían acreditar para a realización do curso de formación de controlador de tránsito aéreo previo á obtención do título de controlador de tránsito aéreo, ter un «coñecemento fluído dos idiomas castelán e inglés, falados e escritos, sen que na expresión oral se observe dificultade que poida afectar negativamente as radiocomunicacións».

Por outra parte, os controladores de tránsito aéreo ao servizo da entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea (AENA) están desenvolvendo actualmente as atribucións das súas licenzas e levando a cabo comunicacións radiotelefónicas en inglés, tendo demostrado no exercicio da súa profesión un alto nivel de competencia lingüística no dito idioma, sen que se producisen incidentes relacionados de forma directa coas comunicacións en inglés.

Así mesmo, e practicamente na súa totalidade, os controladores ao servizo de AENA ou ben foron sometidos de forma regular a procedementos de avaliación por parte do ente público para acreditar o seu nivel de competencia lingüística ou ben adquiriron a licenza de controlador en prácticas ou de alumno-controlador tras unha rigorosa avaliación dos seus coñecementos de inglés antes de ser contratados por AENA. Ademais, pódese considerar que AENA efectuou unha avaliación práctica da competencia dos controladores ao seu servizo, supervisando que exercen de maneira satisfactoria as atribucións da súa licenza polo que ás comunicacións en inglés se refire e que non interveu en ningún incidente nin accidente aeronáutico relacionado coas comunicacións radiotelefónicas directamente cun deficiente uso do idioma inglés nas comunicacións radiotelefónicas.

Todas estas circunstancias, que poden ser certificadas por AENA ao constarlle na súa condición de provedor de servizos de navegación aérea, deben tomarse en consideración á hora de que a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poida practicar a anotación de idioma en inglés de nivel operacional (4) nas licenzas dos controladores de tránsito que prestaban servizos en AENA o 17 de maio de 2010 e cuxas licenzas se obtiveron de conformidade co previsto no Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro.

Conforme a Directiva 2006/23/CE e o seu real decreto de transposición, a nova normativa sobre anotacións de idioma, os seus procedementos e prazos de avaliación non entraba en vigor ata o 17 de maio de 2010, o que obriga a que esta sexa a data á cal se deban referenciar as anotacións de idioma que realice a Axencia Estatal de Seguridade Aérea neste procedemento de recoñecemento da formación adquirida e acreditada con anterioridade á entrada en vigor destas disposicións.

A eficacia desta anotación de idioma suxeitase ao disposto no artigo 24.1, letra a) do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro.

En relación co resto dos controladores aéreos en activo en AENA o 17 de maio de 2010, este real decreto recoñécelles unha anotación de idioma de nivel operacional (4), de forma provisional e transitoria, mentres se procede á súa avaliación conforme o previsto no artigo 17 do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro e, en todo caso, por un período non superior a 18 meses, ao considerar que este é o tempo necesario para que esta se produza sen menoscabo da prestación continua, segura e eficaz dos servizos de tránsito aéreo. Procédese «ex lege» ao recoñecemento do «coñecemento fluído dos idiomas castelán e inglés, falados e escritos, sen que na expresión oral se observe dificultade que poida afectar negativamente as radiocomunicacións», acreditado para acceder á formación como controlador de tránsito aéreo conforme a normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, e contrastado pola prestación efectiva de servizos de control de tránsito aéreo que presupón, en todo caso, o coñecemento operativo do inglés, en canto que é o idioma usado nas comunicacións radiotelefónicas aeronáuticas.

Como garantía adicional para a seguridade operacional, exíxese, en todo caso e en ambos os supostos, que estes controladores de tránsito aéreo non interviñesen en ningún incidente ou accidente relacionado coas comunicacións radiotelefónicas.

O disposto neste real decreto non contradí o teor do previsto no artigo 8 quáter do Regulamento (CE) n.º 216/2008, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro de 2008, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo cal se crea unha Axencia Europea de Seguridade Aérea, e se derroga a Directiva 91/670/CEE do Consello, o Regulamento (CE) n.º 1592/2002 e a Directiva 2004/36/CE, en canto que o artigo 2 do Regulamento (CE) 1108/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo cal se modifica o Regulamento (CE) n.º 216/2008, no que se refire a aeródromos, xestión do tránsito aéreo e servizos de navegación aérea e derroga a Directiva 2006/23/CE, determina a vixencia transitoria das disposicións da Directiva 2006/23/CE e, por tanto, das normas de transposición desta e establece que o dito artigo 8 quáter soamente se aplicará a partir das datas especificadas nas medidas que adopte a Comisión conforme o previsto no seu punto 10.

Conforme iso e mentres a Comisión adopta as medidas previstas no artigo 8 quáter, punto 10, do Regulamento (CE) n.º 216/2008, os Estados membros deben poder seguir aplicando as normas de transposición da Directiva 2006/23/CE, e, en consecuencia, deben poder ditar actos xurídicos vinculantes cuxo obxectivo é aclarar o réxime transitorio aplicable ás situacións xurídicas producidas con anterioridade á asunción pola Unión Europea da súa competencia. Réxime transitorio que non é abordado pola normativa comunitaria.

O real decreto derroga, por razóns de seguridade xurídica, a disposición transitoria segunda da Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola cal se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Fomento e da ministra de Defensa, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros do día 18 de febreiro de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo cal se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.*

Engádense unha nova disposición transitoria primeira bis no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo cal se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria primeira bis. *Anotación de idioma en inglés para os titulares de licenzas expedidas conforme o Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro, sobre título profesional aeronáutico civil e licenza de controlador de tránsito aéreo.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea practicará a anotación de idioma en inglés de nivel operacional (4), con eficacia desde o 17 de maio de 2010, nas licenzas dos controladores de tránsito aéreo que estivesen ao servizo da entidade pública empresarial Aeroportos Españóis e Navegación Aérea (AENA) o 17 de maio de 2010 e que sexan titulares de licenzas en vigor expedidas de conformidade co Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro, sobre título profesional aeronáutico civil e licenza de controlador de tránsito aéreo, sempre que aquel ente público acredite, conforme o previsto no punto 2, que os ditos controladores presentan un nivel operacional (4) de competencia lingüística en inglés de acordo coa escala de cualificación incluída no anexo II.

A eficacia desta anotación de idioma será a prevista no artigo 24.1, letra a).

2. AENA poderá certificar ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, para os efectos previstos no punto anterior, que os controladores de tránsito aéreo presentan

un nivel operacional (4) de competencia lingüística en inglés tras ter comprobado a súa capacidade de falar e comprender o inglés a través dalgún dos seguintes procedementos transparentes e obxectivos:

a) Que con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2008, o controlador acreditou un nivel operacional (4) de competencia lingüística en inglés mediante unha avaliación obxectiva practicada no momento de obter a súa licenza de controlador en prácticas ou de alumno-controlador. Así mesmo, AENA deberá certificar que o controlador exerceu de maneira satisfactoria as atribucións da súa licenza polo que ás comunicacións en inglés se refire e que non interveu en ningún incidente nin accidente aeronáutico relacionado de forma directa cun deficiente uso do idioma inglés nas comunicacións radiotelefónicas.

b) Que con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2008, o controlador acreditase un nivel 4 de competencia lingüística en inglés por ter sido avaliado de maneira satisfactoria polo provedor de servizos dentro dos seus programas de calidade e auditoría. Así mesmo, AENA deberá certificar que o controlador exerceu de maneira satisfactoria as atribucións da súa licenza polo que ás comunicacións en inglés se refire e que non interveu en ningún incidente nin accidente aeronáutico relacionado de forma directa cun deficiente uso do idioma inglés nas comunicacións radiotelefónicas.

3. Aos controladores de tránsito aéreo que estivesen ao servizo da entidade pública empresarial Aeroportos Españois e Navegación Aérea (AENA) o 17 de maio de 2010, que sexan titulares de licenzas en vigor expedidas de conformidade con Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro, aos cales non lles resulte de aplicación o disposto nos puntos anteriores, recoñéceselles, con carácter provisional e transitorio, o nivel operacional (4) de competencia lingüística en inglés, sempre que nos seus postos de traballo estivesen comunicándose habitualmente en inglés sen ter intervido en ningún incidente nin accidente aeronáutico relacionado de forma directa cun deficiente uso do idioma inglés nas comunicacións radiotelefónicas.

Estes controladores deberán ser avaliados conforme o establecido no artigo 17, para o cal AENA deberá presentar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea un plan de avaliación que incluíra a formación do persoal afectado no menor prazo posible que non excederá, en ningún caso, de 18 meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

4. O recoñecemento do nivel operacional (4), provisional e transitorio, previsto no punto anterior perderá a súa eficacia cando, conforme o plan de avaliación aprobado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea segundo o previsto no parágrafo segundo do punto anterior, o controlador fose sometido ao procedemento de avaliación previsto no artigo 17 e, en todo caso, transcorrido o prazo máximo de 18 meses previsto no punto 3.»

**Disposición transitoria única.** *Normas transitorias.*

As anotacións de idioma efectuadas conforme o previsto na disposición transitoria segunda da Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, manterán a súa vixencia ata o 5 de marzo de 2011, data a partir da cal aos seus titulares lles será de aplicación o disposto na disposición transitoria primeira bis do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro.

**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan, contraveñan ou resulten incompatibles co disposto neste real decreto e, en particular, a disposición transitoria segunda da Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola cal se regula o requisito de competencia lingüística e a súa avaliación.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de febreiro de 2011

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO